



## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 4**

### **CONVOCATORIA**

Por un erro material no día da convocatoria do pleno extraordinario e urxente notificada no día de onte, onde consta "13 de abril", acórdase deixala sen efecto, ditándose na súa substitución a seguinte RESOLUCIÓN:

Esta alcaldía ten convocado para o próximo día 13 de marzo pleno extraordinario co propósito de considerar o posicionamento dos grupos políticos municipais en relación coa proposta do Real Clube Celta de Vigo en relación co Estadio Municipal de Balaídos; considera esta alcaldía que previamente a tal posicionamento a Corporación debe pronunciarse sobre a problemática conxunta que afecta o Estadio e o seu entorno, con tal propósito e en virtude das consideracións expostas esta Alcaldía ao amparo do sinalado no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, acordo:

Convocar no salón de Plenos para o próximo día 13 de marzo as 8.30 horas SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme o seguinte,

#### **ORDE DO DÍA**

**1. Ratificación da urxencia da sesión.**

**2. Instar a Xunta de Galicia a que dedique á reforma do estadio Municipal de Balaídos as mesmas contías económicas que adicaron o concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.**

**3. Instar ao Consorcio da Zona franca de Vigo a que acometa sen ningunha dilación a construción do aparcadoiro do estadio municipal de Balaídos, previo convenio interadministrativo co Concello de Vigo.**

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ó Sres e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello e na páxina web municipal ós efectos de información.

O alcalde  
Abel Caballero Álvarez

Ante min, o secretario xeral do Pleno  
José Riesgo Boluda

Data e sinatura dixital